

1



FORO INTERNACIONAL

CINEMA DE PEQUENAS NACIÓNS, ALFABETIZACIÓN FÍLMICA
E NOVAS AUDIENCIAS

23-24 de outubro de 2014
Facultade de Ciencias da Comunicación
Santiago de Compostela

PRESENTACION

Traer para o debate e pór en relación todas as variabeis que poidan contribuir á construción de novas audiencias é o obxectivo deste foro de expertos e expertas de varios países e do medio profesional, académico e creativo. A diferenza, neste caso, establécese arredor das pequenas nacións como espazos comunicativos, do cinema en V.O. e de situacións nas que a lingua propia a pesares de non ser minoritaria está minorizada. Abórdanse, asimismo, as políticas da diversidade non soamente como recoñecemento senón como accións concretas que garantan a expresión e a difusión das obras.

O Foro é parte do proxecto do Plan Nacional de I+D+i “**Cara o Espazo Dixital Europeo. O papel das cinematografías pequenas en versión orixinal**” (ref. CSO2012-35784. Ministerio de Economía e Competitividade) que desenvolve o Grupo de Estudos Audiovisuais (G.I. 1786) da Universidade de Santiago de Compostela baixo a dirección da catedrática Margarita Ledo Andión.

PROXECCIONS




“**Read the Masks. Tradition is not given**” (Petra Bauer e Annette Krauss. 2009. 80’)
A película é parte de un proxecto do mesmo título que cuestiona a tradición holandesa do Zwarte Piet ao abeiro das súas implicacións sociais e políticas.



“**Subtramas**” (Virginia Villaplana, Diego del Pozo e Montse Romani. 2014. 70’)
Ensaio documental sobre a dimensión colaborativa na produción de relatos audiovisuais. A película xustapón tres capítulos abertos: a produción de novos imaxinarios, as experiencias participativas que experimentan coa recepción e a pedagogía da imaxe colectiva.



“**Negra Blanca**” (Imma Benavente, Helena de Llanos, Miguel A. Rodriguez, Elsa Barreras, Irene Núfar, Ángel Monpeán, e Nacho Valero. 2013. 90’)
Filme colectivo entre a realidade e a ficción dunha vila á que lle gustan as historias. A onde estamos dispostos a crer?



“**Persoas**” (IES Cacheiras-Teo. 2013. 15’.)
Curtametraxe sobre as migracións e a igualdade entre persoas. Problemas internacionais como a extrema pobreza, a discriminación de xénero, os conflitos bélicos e a falta de liberdade de expresión. A peza é froito do proxecto de alfabetización audiovisual “Aturuxo Filmes”, que o IES Cacheiras de Teo desenvolve dende hai nove anos. A sesión será precedida da exposición do proxecto por parte do equipo docente responsable do mesmo.



“**Massó no recordo**” (CEIP A Rúa Cangas. 2013. 20’.)
Traballo documental sobre a memoria dun espazo e a súa pegada nas xentes que o habitaron. O filme é resultado do proxecto de alfabetización audiovisual “Cineando Ilusións”, que o CEIP A Rúa de Cangas desenvolve en colaboración co Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI) como parte da actividade “Cinema en curso”. A sesión será precedida da exposición do proxecto por parte do equipo docente responsable do mesmo.

PROGRAMA

23/10

- 16:00 | **Recepción.** Aula 0.
- 16:30 | **Panel 1: Cinema de Pequenas Nacións, Alfabetización Fílmica e Novas Audiencias.** Aula 0
Coord.: *Xosé Soengas Pérez (USC)*
Margarita Ledo Andión (USC)
Antía López Gómez (USC)
- 17:30 | **Panel 2: Cara unha cartografía crítica dos cinemas nacionais en Europa.** Aula 0
Coord.: *Amanda Paz Alencar (Universiteit Van Amsterdam)*
Marta Pérez Pereiro (USC)
Pietari Kääpä (University of Stirling)
Steve Blandford (University of South Wales)
- 19:00 | **Pausa**
- 19:15 | **Proxección: “Read the Masks. Tradition is not given” (2009, 80’).** Auditorio

24/10

- 10:00 | **Panel 3: Alfabetización fílmica e novas audiencias.** Aula 0
Coord.: *Vitor Reia Baptista (Universidade do Algarve)*
Mark Reid (British Film Institute)
Ian Wall (Film Education)
Florine Wiebenga (Eye Film Institute)
- 11:30 | **Pausa**
- 12:00 | **Panel 4: Cara un cinema alén barreiras.** Aula 0
Coord.: *Marta Pérez Pereiro (USC)*
Pablo Romero Fresco (University of Roehampton)
Federico Spoletti (Subt Ti Ltd)
Virginia Villaplana (Universidad de Murcia)
- 13:30 | **Proxección: “Subtramas” (2014, 70’)** Auditorio
- 16:00 | **Panel 5: Itinerarios para a circulación das pequenas cinematografías.** Aula 0
Coord.: *Patxi Azpillaga (Euskal Herriko Unibersitatea)*
Marijke de Valck (Universiteit Van Amsterdam)
Luz Delgado (Europa Cinemas) e Juan Heras (Cines Van Dyck. Salamanca)
Aída Vallejo (Eukal Herriko Unibersitatea)
- 17:30 | **Conclusións.** Aula 0
- 18:00 | **Pausa**
- 18:15 | **Proxección: Premios Alfabetización Audiovisual (ICAA).** Auditorio
“Persoas” (2013, 15’)
“Massó no recordo” (2013, 20’)
- 19:30 | **Proxección: “Negra Blanca” (2013, 90’)** Auditorio

Organiza



"Cara o Espazo Dixital Europeo.
O papel das pequenas cinematografías
en versión orixinal"
Plan Nacional de I+D+i
Ministerio Economía y Competitividad
(Ref. CSO 2012-35784)



Co financiamento de

